

42/80

ID: 636

5/6

PROVINCIA: LUGO	MUNICIPIO: LUGO
-----------------	-----------------

N: 50.000 } 73

N: Monte: 10

CARPETA-FICHA DEL MONTE:

" DA CRUZ y TOIRE "

COMUNIDAD PROPIETARIA

V^s:

BENADE (p ²)

CLAVE DEL MONTE

PROVINCIA	MUNICIPIO	COMUNIDAD PROPIETARIA	MONTE
LU	28	8.	1

SUPERFICIE

HECTAREAS

126

42/80
F

JURADO PROVINCIAL
DE
MONTES VECINALES EN MANO COMUN
LUGO

En la ciudad de Lugo, a doce de Julio de mil novecientos ochenta y dos, reunido el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, en la Sala de Juntas del Gobierno Civil, acordó clasificar como tal el denominado "DA CRUZ Y TOIRE", a tenor de la siguiente Resolución:

"Visto en el día de la fecha el expediente para la posible clasificación como en mano común del monte "DA CRUZ Y TOIRE", (expediente 42/80) ubicado en el término municipal de Lugo, promovido por la Administración Forestal y

RESULTANDO: Que el 17 de Diciembre de 1.979, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común acordó la iniciación y tramitación del expediente para la posible clasificación como tal del monte "DA CRUZ Y TOIRE", designando como Vocal Instructor a D. DASIO CARBALLEIRA TELLA,

RESULTANDO: Que el 9 de Enero de 1.980, se dictó Providencia requiriendo al Ayuntamiento de Lugo para que en relación con el monte "DA CRUZ Y TOIRE", remitiese:

- a) Certificación de su posible inscripción en el Registro de la Propiedad,
- b) Certificación de su posible inclusión en el Inventario de Bienes Municipales y
- c) Certificación del posible Acuerdo municipal con la Administración Forestal para su repoblación,

RESULTANDO: Que el 9 de Enero de 1.980, se recabó del ICONA Certificación sobre la posible inclusión del monte "DA CRUZ Y TOIRE" en el Catálogo de los de Utilidad Pública de la Provincia de Lugo,

RESULTANDO: Que el 9 de Enero de 1.980, se remitió ^{el} dicto al Ayuntamiento de Lugo poniendo en conocimiento de los posibles interesados la iniciación del expediente de clasificación, a fin de que pudieran comparecer e intervenir en él, en defensa de sus derechos e intereses,

RESULTANDO: Que el 8 de Abril de 1.980, se recibió Certificación del ICONA en el sentido de que el monte no se incluía en el Catálogo de los de Utilidad Pública de la Provincia de Lugo,

RESULTANDO: Que el 18 de Enero de 1.982 se recibió Certificación del Ayuntamiento de Lugo, relativa a los siguientes montes, que figuraban incluidos en el Inventario de Bienes Municipales, pero no inscritos en el Registro de la Propiedad:

- "MONTE DA CRUZ", de 8 Há., 43 á y 70 ca.,
- "MONTE DA CRUZ", de 1 Há., 67 á y 60 ca. y
- "MONTE DE TOIRE", de 2 Há., 12 á y 95 ca.,

RESULTANDO que durante la tramitación del expediente no se recibió reclamación alguna contra la posible clasificación como en mano común del monte "DA CRUZ Y TOIRE",

RESULTANDO: Que en la instrucción del expediente se han cumplido los trámites que establece la Ley y Reglamento de Montes y la Ley de Procedimiento Administrativo,

Vistas las citadas Leyes y Reglamento y

CONSIDERANDO: Que el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común tiene competencia y jurisdicción para conocer el expediente promovido por la Administración Forestal, con capacidad y legitimación para ello,

CONSIDERANDO: Que de la Propuesta del Vocal Instructor, se desprende que el monte "DA CRUZ Y TOIRE", viene siendo aprovechado de forma mancomunada por los vecinos de la parroquia de Benade, por su condición de tales, sin asignación de cuotas,

este Jurado Provincial, a la vista de lo que antecede, acuerda:

1º.- CLASIFICAR como en mano común el monte de las siguientes características:

Nombre: "DA CRUZ Y TOIRE".

Superficie: 126 Hás.


Pertenencia: Vecinos de la parroquia de Benade.

Término municipal: LUGO.

2º.- Que se remita Certificación de esta Resolución firme al Sr. Registrador de la Propiedad, para la inscripción del monte a nombre de la Comunidad titular del mismo, a tenor de lo dispuesto en el artículo 30.a del Reglamento de Montes Vecinales en Mano Común".



A large, stylized handwritten signature in black ink, consisting of several loops and a long horizontal stroke at the bottom.



A smaller, more compact handwritten signature in black ink, featuring a circular loop and a horizontal base.

Prov.º	Munic.º	Comunidad Prop.º	N.º monte
LU	28	8	1

CLAVE DEL MONTE

• 3.- ESTADO FISICO

Ref. Índice

3.1 SITUACION. ALTITUD. ACCESOS.

Estos montes de la parroquia de BENADE están formados por dos parcelas independientes:

- "DA CRUZ", que es la principal en su perficie, que ocupa la esquina NE. del término parroquial, formado por laderas que llegan por el E. hasta la divisoria con términos de las parroquias de Teixeira y de Rubiás, y por el N. bajan hasta la mojonera con término municipal de Otero de Rey.
- "TOIRE" es una pequeña parcela en el SO., continuidad con la del mismo nombre de la parroquia de Muja-Santa María.

El terreno, aunque accidentado, es de pendientes relativamente suaves, con altitudes comprendidas entre los 450 y 536 m.

Los únicos accesos directos son los caminos de servicio desde los pueblos, enlazados por el E. con la carretera provincial del Pontón de la Gulpilleira a Gontán.

3.2 SUPERFICIE.

En conjunto, 126 Has., obtenidas mediante planimetrado sobre 1/25.000.

3.3 LINDEROS.


Los del término parroquial son:

- N.- Término municipal de Otero de Rey.
- E.- Términos y montes de la parroquia de Teixeira y términos de la parroquia de Rubiás.

Prov.:	Munic.:	Comunid. Prop.:	N.º monte:
LU	28	8	1

Ref. Índice	CLAVE DEL MONTE
3.3	<p>S.- Términos de la parroquia de Muja-Santa María. O.- Términos de la Parroquia de Mazoy.</p>
3.4	<p>DESCRIPCION DEL PERIMETRO.</p> <p>Los únicos límites destacables en el perímetro de estos montes de la parroquia de DENADE son:</p> <p>- El monte "DA CRUZ" divide por el N. con término municipal de Otero de Rey siguiendo la mejonera hacia el E. hasta Alto da Serra, donde ya entra por el S. monte "Serra" de la parroquia de Teixeiro, con la que bajo hacia el S. según la divisoria de aguas.</p>
3.5	<p>OBSERVACION SOBRE LIMITE CON FINCAS PARTICULARES</p> <p>El límite de estos montes de la parroquia de DENADE con fincas particulares no puede ser muy preciso si se tiene en cuenta que algunas de éstas ocupan antiguos terrenos del monte comunal, en consecuencia, se ha llegado con los límites de éste hasta donde hay seguridad o duda razonable de que puede pertenecer al mismo.</p> <p>En el caso de que estos montes fueran calificados como vecinales en mano común, tal vez resulte necesario un deslinde parcial en tal colindancia con particulares siguiendo los mismos criterios que en la calificación.</p>

Término de Otero de Rey





DONA LUCÍA BELVER QUIROGA, SECRETARIA DO XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN,

CERTIFICA:

Que na sesión celebrada polo Xurado Provincial con data 26 de febreiro de 2015, figura o acordo seguinte:

<< 4. Varios:

- f) Monte **CRUZ E TOIRÉ** (expediente 42/80), pertencente aos veciños da parroquia de **BENADE**, no termo municipal de **LUGO**, e clasificado como veciñal en man común por resolución do Xurado Provincial con data 12 de xullo de 1982. Con data 30 de abril de 2014 ten entrada copia autenticada de sentenza firme ditada polo Xulgado de 1ª Instancia nº 5 de Lugo, con data 14 de marzo de 2006, recaída no Procedemento de Ordinario 688/2005, na que, estimando a demanda interposta, declárase: << (...) que la finca descrita en el hecho primero de esta resolución pertenece con carácter ganancial al demandante D. Eduardo Vázquez Puente y a su esposa Dña. Rogelia Mazoy Mazoy y no a la referida comunidad de propietarios del monte vecinal en mano común de Benade (...) >>. Dado traslado da documentación ao Servizo de Montes, con data 17 de novembro de 2014, emítase informe, no que se especifica a modificación resultante, quedando o monte CRUZ E TOIRE cunha superficie de 121,27 hectáreas, e xuntando esbozo da situación actual do monte veciñal. Examinada a devandita sentenza, o Xurado, por unanimidade, **ACORDA**, dar cumprimento ao establecido na mesma, procedendo ás correccións oportunas, coa incorporación do esbozo referido ao expediente de clasificación.


(...)>>

E para que conste, para a súa remisión a **parte interesada**, e sen prexuízo da ulterior aprobación da **ACTA** da sesión á que se fai referencia, expido a presente co V. e Pr. do Sr. Xefe Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar, Presidente do Xurado, en Lugo, a 3 de marzo de 2015.



Vº e Pr.
**O XEFE TERRITORIAL
PRESIDENTE DO XURADO,**

José Ramón Losada Fernández.



 XUNTA DE GALICIA		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR Departamento Territorial de Lugo Servicio de Montes		
EXCLUSIÓN DO POLIGONO 358, PARCELA 118 DO MONTE DE CRUZ E TOIRÉ POR SENTENZA XUDICIAL		Monte: CRUZ E TOIRÉ Expediente: 42/82 Pertenza: BENADE Municipio: LUGO	Superficie clasificada: 126 Ha Superficie real de clasificación: 122,60 Ha Superficie descontada a exclusión: 121,27 Ha	
Escala: 1:8.000	SITUACIÓN TRANSFORMADA	O XEFE DO SERVIZO DE MONTES  RAMÓN ROZADILLAS VALVERDE		O xefe de Área de Montes Veciñais en Man Común Lugo, a 14 de novembro de 2014  SANTIAGO FRAGA SÁENZ
Lenda  Resultante_con_exclusion				



Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **27 de marzo de 2019**, figura o seguinte acordo:


Monte CRUZ E TOIRÉ (expediente 42/80), pertencente aos veciños da parroquia de BENADE, do termo municipal de LUGO. O 8 de xuño de 2018, recíbese copia autenticada de sentenza firme ditada polo Xulgado de 1ª Instancia nº 4 de Lugo, do 7 de novembro de 2017, ditada no Procedemento Ordinario 468/2017, na que, estimando a demanda presentada declárase: << (...) Acuerdo tener por allanada a la parte demandada, Comunidad del Monte Vecinal en Mano Común de Cruz y Toiré, en todas las pretensiones de la parte demandante (...) >>. A continuación relaciona as fincas (identificadas por polígono e parcela) e o seu propietario.

O 25 de xuño de 2018, tivo entrada escrito presentado por José Manuel Lombao Fernández como representante da comunidade, no que solicita que se proceda á revisión do esbozo conforme á documentación que achega.

Dado traslado da documentación ao Servizo de Montes, o 31 de xaneiro de 2019 emítese informe (núm. 56/18 e 60/18), especificando as modificacións resultantes, nos termos que no dito informe se describen, quedando o monte CRUZ E TOIRÉ cunha superficie de 58,8 hectáreas, tras a devandita sentenza e revisión de esbozo. Achégase esbozo da situación actual do monte veciñal afectado. Examinada a devandita sentenza, o Xurado, por unanimidade, ACORDA dar cumprimento ao establecido nesta, e proceder ás correccións oportunas, coa incorporación do esbozo referido ao expediente de clasificación.

Para que conste, expido este certificado co visto e prace da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.





 XUNTA DE GALICIA		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR Departamento Territorial de Lugo Servicio de Montes		
Plano de: Carpetas 56/18 e 60/18 Exclusión xudicial de predios e revisión de esbozo do monte veciñal en man común de Cruz e Toire (exp 42/80)		Monte: Cruz e Toire Pertenza Parroquia de Benade Superficie previa 121 Ha Superficie posterior 58,8 Ha		Municipio: Lugo
Escala: 1:12.000	Plano 4.Monte posterior á revisión de esbozo		Visto e prace O xefe de Servizo de Montes  Carlos Vázquez Díaz	
		O xefe de área Lugo, 31 de xaneiro de 2019  Santiago Fraga Sáenz Enxeñeiro de Montes		



XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Expediente nº: 3/2019

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

M^a Olga Iglesias Fontal

VOGAIS:

*Miguel Ángel Cela González
Josefina Pereira de la Riera
Antonio J. López Acuña Herrero*

SECRETARIA:

Lucía Berver Quiroga

Na cidade de Lugo, o día 2-6-2021, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, reunido e constituído polas persoas que á marxe se relacionan, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Visto no día da data o expediente número 3/2019 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **BENADE (ampliación)**, no concello de **LUGO**, iniciado por acordo do xurado do 27-3-2019, do que é instrutor Miguel Ángel Cela González, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Na sesión do 27.3.2019 iníciase o expediente 3/2019, a instancia da comunidade de Benade, propietaria do MVMC Cruz e Toire, representada polo seu presidente, José Manuel Lombao Fernández. Na mesma sesión, o vogal Carlos Vázquez Díaz é designado instrutor do expediente.

II.- O día 29.10.2019, debido ao cesamento de Carlos Vázquez Díaz como membro do xurado, Miguel Ángel Cela González é designado como novo instrutor do expediente.

III.- O día 11.12.2019 o Servizo de Montes emite certificación na que consta que o monte Benade (ampliación) non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de Lugo.

IV.- O día 16.12.2019 solicítanselle os seguintes documentos ao Rexistro da Propiedade de Lugo:

- Certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión, con indicación do nome das persoas a favor das que estea inscrito, título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase, inscritas ou anotadas, e que estean vixentes na actualidade, segundo os asentos.
- Certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

V.- O día 23.1.2020 a rexistradora do Rexistro da Propiedade nº 1 de Lugo comunica a suspensión da expedición de certificación por ser necesaria unha identificación máis concreta dos terreos obxecto de clasificación.

VI.- O día 12.2.2020 envíasele unha comunicación ao Concello de Lugo da iniciación do expediente e remíteselle un edicto para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello e nos lugares de costume da parroquia na que radique a comunidade.





VII.- O día 12.2.2020 enviásele unha comunicación ao Concello de Outeiro de Rei da iniciación do expediente e remíteselle un edicto para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello e nos lugares de costume da parroquia na que radique a comunidade.

VIII.- O día 12.2.2020 comunicásele a iniciación do expediente ao Servizo de Montes da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, con indicación do prazo para presentar alegacións.

IX.- O día 12.2.2020 comunicásele á Xerencia Territorial do Catastro a iniciación do expediente coa identificación das referencias catastrais obxecto da clasificación.

X.- O día 12.2.2020 comunícase a iniciación do expediente á comunidade de Benade como solicitante, con indicación do prazo para presentar alegacións.

XI.- O día 13.2.2020 comunícase a iniciación do expediente a Jesús Gómez Rico, para informalo de que é titular catastral da parcela 27039A11300322, que está afectada polo expediente.

XII.- O día 13.2.2020 comunícase a iniciación do expediente ao Rexistro da Propiedade nº 1 de Lugo e solicítase a anotación preventiva.

XIII.- O 20.2.2020 sae publicado o anuncio no DOG, mediante o que se fai público o inicio do expediente de clasificación do monte Benade (ampliación) así como a apertura dun prazo para presentar alegacións.

XIV.- Durante a tramitación do expediente recibíronse as seguintes alegacións:

- O día 12.3.2020 ten entrada un escrito de alegacións asinado José Pardo Lombao, alcalde do concello de Outeiro de Rei, no que expón que os terreos que se pretenden clasificar no concello de Outeiro de Rei non poden pertencer a unha agrupación doutro concello. Solicita o arquivo do expediente.
- O día 18.3.2020 ten entrada un escrito de alegacións, asinado por Salvador Gómez Abelleira, Carmen Fernández Torres, Josefa Lorenzo Barreiro e Josefa Fontela Peña, no que expoñen que os terreos que se pretenden clasificar no concello de Outeiro de Rei non poden pertencer a unha agrupación doutro concello. Solicitan o arquivo do expediente.
- O día 5.6.2020 ten entrada un escrito de alegacións asinado por Josefa Fontela Peña, no que expón que a parcela 27039A11300473 é da súa propiedade e que ela é a responsable da repoboación forestal existente. Aporta Certificación catastral do ano 2020 cuxa titularidade catastral figura *en investigación*. Así mesmo, presenta un certificado do concello de Outeiro de Rei de que o terreo non ten cualificación de monte veciñal e unha escritura notarial do ano 2020, de pacto de mellora, que inclúe a parcela reclamada.

XV.- O día 16.6.2020 ten entrada unha comunicación do Concello de Lugo que acredita a exposición do anuncio dende o 14.2.2020 ata o 31.3.2020.

XVI.- O día 16.6.2020 notifícaselle aos interesados o acordo do xurado do 10.6.2020 polo que se amplía o prazo de resolución por un ano máis.

XVII.- O día 9.6.2020 ten entrada unha notificación do Rexistro da Propiedade nº 1 de Lugo mediante o que comunican que non se pode atender a solicitude de anotación preventiva por estar vixente e prorrogada a expedición de certificación de asentos, da que requiriron emenda de solicitude. Así mesmo, o 25.9.2020 notifican a suspensión da anotación preventiva. Por esta razón, retrotraese o expediente ao trámite da solicitude de asentos.

XVIII.- O día 9.9.2020 novamente se envía ao Rexistro da Propiedade nº 1 de Lugo, para que emita os certificados de posibles asentos que poidan afectar aos terreos obxecto de clasificación.



XIX.- O día 16.11.2020 ten entrada a certificación negativa de asentos, procedente do Rexistro da Propiedade nº 1 de Lugo. Así mesmo, comunica que as parcelas do concello de Outeiro de Rei non pertencen ao distrito hipotecario do dito rexistro.

XX.- O día 19.11.2020 solicítase ao Rexistro da Propiedade nº 2 de Lugo unha certificación dos asentos que poidan afectar aos terreos obxecto de clasificación sitios no concello de Outeiro de Rei (parcelas 27039A11300473, 27039A11300322 e 27039A11300323)

XXI.- O día 29.12.2020 vólvese a solicitar a anotación preventiva ante o Rexistro da Propiedade nº1 de Lugo.

XXII.- O día 7.1.2021 o Rexistro da Propiedade nº 2 de Lugo presenta unha notificación na que indica que coas referencias catastrais e nomes dos posibles titulares non existe ningún predio inscrito.

XXIII.- O día 9.3.2021 solicítase a anotación preventiva das parcelas do concello de Outeiro de Rei que pertencen ao distrito hipotecario do Rexistro da Propiedade nº 2

XXIV.- O día 16.3.2021 envíase unha copia das alegacións efectuadas polos interesados ao presidente da comunidade de Benade, promotora do expediente.

XXV.- O día 22.3.2021 ten entrada unha comunicación asinada polo presidente da comunidade de Benade, como resposta ás alegacións presentadas. Expón:

- Que o MVMC Cruz e Toiré de Benade ten un convenio coa Xunta de Galicia, repoboada con piñeiros, que pasa aos terreos do concello de Outeiro de Rei, dos que solicitan a clasificación.
- Que o monte proposto para clasificación no concello de Outeiro de Rei respecta as propiedades particulares, que se separan do monte por camiños, gabias e desniveis.

XXVI.- O día 13.4.2021 comunícaselle ao presidente da comunidade de Benade o dereito da comunidade á elección de dúas persoas que poderán asistir (con voz pero sen voto) á reunión do xurado na que se estude o expediente do monte Benade (ampliación).

XXVII.- O presente procedemento quedou suspendido coa aprobación do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que na súa disposición adicional terceira estableceu con carácter xeral a suspensión dos prazos administrativos.

A dita suspensión foi levantada pola Resolución de 20.5.2020, do Congreso dos Deputados, pola que se ordena a publicación do acordo de autorización da prórroga do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, que no punto 10º derroga a disposición anterior e establece a reanudación dos prazos o 1.6.2020.

FUNDAMENTO DE DEREITO

1. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñecer o expediente. Esta competencia élle atribuída polo artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.
2. De acordo co artigo 1º da devandita lei, son montes veciñais en man común os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, ou seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen á agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.





3. Examinada a documentación do presente expediente, e tendo en conta as alegacións presentadas, realízanse as seguintes consideracións:

1º.- Das parcelas respecto das que se solicita a ampliación de clasificación do monte as seguintes **resultan excluídas** polo seguinte:

- As parcelas con referencia catastral 27900A34500054, 27900A34500061, 27900A34500050, 27900A34500387 e 27900A34500047, debido a que aparecen clasificadas no esbozo do monte veciñal en man común de Toire, da parroquia de Santa María de Muxa.
- A parcela 27900A34400316 debido a que aparece no esbozo de clasificación do monte veciñal en man común de Barcia.
- As parcelas 27039A11300322 e 27039A11300323, debido a que, se ben teñen unha ínfima afección nos seus lindes como resultado das técnicas de superposición planimétricas, procede non incluílas na superficie solicitada na ampliación, entendendo que, en todo caso, a posible afección sería un problema de deslinde do monte respecto delas.
- As parcelas 27900A35200007 e 27900A35200008, debido a que aparecen no Catastro Inmobiliario como "MONTE VECINAL SANTA MARIA DE MUXA", NIF. G27318252, debendo respectar a presunción de veracidade dos ditos datos por canto non foi contrarrestada por documental achegada pola comunidade solicitante.

A estes efectos hai que ter en conta o disposto no artigo 3.3. do Real Decreto Legislativo 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario (en adiante RDL. 1/2004): "*Salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.*"

Deste xeito, e debido a que estes terreos *non* foron obxecto de clasificación para o dito monte procede iniciar un procedemento de ampliación de oficio respecto deles a favor do MVMC de Sta. María de Muxa, aos efectos de non xerar inseguridade xurídica e de acordo co criterio adoptado.

2º.- Das parcelas respecto das que se solicita a ampliación de clasificación do monte as seguintes **resultan incluídas** polo seguinte:

- A parcela 27900A35200072, debido a que aparece como no Catastro Inmobiliario como "MONTE COMUNAL DE BENADE", xa que a dita identificación presume a existencia dunha propiedade procomún de aproveitamento veciñal e tendo en conta que o Concello de Lugo non manifestou nada respecto a posibles dereitos de propiedade sobre os ditos terreos pola súa posible natureza "comunal".
- As parcelas 002200700PH27A e 27900A35709002, encravadas dentro do perímetro do monte, xa que aínda que no Catastro Inmobiliario aparecen como de titularidade do Concello de Lugo, esta entidade local non manifestou que os terreos fosen da súa propiedade nin se opuxo a súa clasificación, e porque a constancia do Concello como titular no Catastro posiblemente se deba á tutela administrativa que estas entidades locais exerceron historicamente sobre os montes veciñais e man común, entendéndose polo tanto a procedencia de clasificalas como tal.
- A parcela 2739A11300473, parcialmente, debido ao seguinte:

* No momento do inicio do procedemento no Catastro Inmobiliario aparecía como titular da parcela "*Monte comunal de Paz San Fiz*".

Neste senso, e pese a que actualmente no Catastro a parcela aparece "*en investigación*" sobre a propiedade, o Xurado estará ao establecido no artigo 24.a) do Decreto 260/1992, polo que se aproba o Regulamento de MVMC- "*Efectos da iniciación*": "*Ningún terreo afectado por este (exp. de clasificación) poderá ser obxecto de alleamento, división ou gravame ata que o Xurado dite a resolución oportuna*".

A identificación do terreo como "monte comunal" presume a existencia dunha propiedade de natureza colectiva e procomún.

* Por outra banda, o alegado por Josefa Fontela Peña para xustificar a propiedade da parcela é completamente inconsistente:



- Non achega acreditación de titularidade catastral, nin actual nin histórica. (constando esta última como monte comunal).

- O único documento no que pretende basear a propiedade é unha escritura notarial do ano 2020 de pacto de mellora, que inclúe a dita parcela, e que non ven apoiada pola xustificación da propiedade por parte de quen formaliza o dito pacto, non acreditando tracto sucesivo algún daquela.

O dito pacto pode considerarse un acto "ad hoc" para a apropiación indebida da propiedade dada a súa natureza imprescritible (isto é, a imposibilidade da adquisición da propiedade polo mero uso no tempo duns terreos que teñen natureza de monte veciñal en man común).

- Fronte ao anterior, compróbase, tal e como alegou a comunidade solicitante da clasificación parcial deste parcela, que parte da superficie da mesma está incluída no Convenio Forestal que afecta ao MVMC de Cruz e Toire, e que como resultado desta xestión pública os ditos terreos foron repoboados con *pino "radiata"* pola Administración (repoboación aínda existente).

Isto é indicativo de que a posuidora e quen aproveitou durante anos estes terreos foi a comunidade propietaria do dito monte, sen que ata o de agora houbera ningunha oposición fronte a elo.

* Por último, e respecto do certificado emitido polo Concello de Outeiro de Rei, este non é quen de determinar que terreos son ou non de natureza veciñal en man común, e, por outra banda, respecto do indicado por este e por algúns veciños sobre que os terreos se atopan nun termo municipal diferente ao que pertence a comunidade veciñal que os reclama ou pide a súa clasificación, só cabe indicar que os límites administrativos, -segundo criterio Xurisprudencial consolidado-, non impiden que os terreos teñan sido aproveitados mancomunadamente por comunidades veciñais pertencentes a outras demarcacións administrativas e polo tanto lles corresponda a propiedade.

Neste senso a sentenza do TSJG de 17-02-1999 xa expresaba que "su pertenencia a agrupaciones vecinales en su calidad de grupos sociales y no como entidades administrativas y su aprovechamiento consuetudinario por los miembros de aquéllas en su condición de vecinos con casa abierta y con humo, ha de descartarse cualquier tipo de vinculación con la organización administrativa territorial del Estado y poner al tiempo de relieve su relación con colectividades sociales menores -parroquias, lugares, caseríos, etc.- cuyos asentamientos pueden coincidir, pero no necesariamente, con las demarcaciones territoriales de los municipios, recordando al efecto que el empleo de la palabra vecino por los artículos mencionados no se identifica con el concepto administrativo de vecindad".

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito, O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man común **RESOLVE**:

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte coas seguintes características:

Nome: Benade (ampliación)
Pertenza: Veciños da parroquia de Benade
Parroquia: Benade
Concello: Lugo
Superficie: 3,32 hectáreas

Na seguinte táboa indícanse as referencias catastrais das parcela obxecto de clasificación así como das estremeiras.


Parcela obxecto de clasificación	Concello	Estreimas	
		27900A35200072	Lugo
		Leste	27900A35209002 (camiño)






Parcela obxecto de clasificación	Concello	Estremas	
		Sur	Oeste
002200700PH27A, 27900A35709002	Lugo	Sur	27900A35209005 (camiño)
		Oeste	27900A35209005 (camiño)
		Norte	27900A35700001
		Leste	27900A35700001
		Sur	27900A35700001
27039A11300473 (parcialmente)	Outeiro de Rei	Oeste	27900A35700001
		Norte	27039A11300473 27039A11300322 27039A11300323
		Leste	27039A11300473
		Sur	27900A35800094
		Oeste	27039A11300473

Tendo en conta esta ampliación o MVMC da comunidade de Benade pasa a ter unha superficie de 62,15 hectáreas.









 XUNTA DE GALICIA		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR Departamento Territorial de Lugo Servicio de Montes			
Plano de: Carpeta Lugo_42/80_3_2019 Ampliación da clasificación do monte veciñal en man común de Cruz e Toire (exp 42/80)		Monte: Cruz e Toire Pertenza Parroquia de Benade Superficie previa 58,83 Ha Superficie ampliación 3,32 Ha Superficie posterior 62,15 Ha		Municipio: Lugo	
Escala: 1:11.000	Plano 2. Monte previo e proposta de ampliación.	Visto e prace O xefe de Servicio de Montes (asinado dixitalmente)	O xefe de área (asinado dixitalmente)		
					

verificación: https://sede.xunta.gal/cve





 XUNTA DE GALICIA		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR Departamento Territorial de Lugo Servicio de Montes			
Plano de: Carpela Lugo_42/80_3_2019 Ampliación da clasificación do monte veciñal en man común de Cruz e Toire (exp 42/80)		Monte: Cruz e Toire Pertenza Parroquia de Benade Superficie previa 58,83 Ha Superficie ampliación 3,32 Ha Superficie posterior 62,15 Ha		Municipio: Lugo	
Escala: 1:11.000	Plano 3. Monte posterior	Visto e prace O xefe de Servicio de Montes (asinado dixitalmente)		O xefe de área (asinado dixitalmente)	
 Monte_posterior					

verificación: https://sede.xunta.gal/cve



Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **14 de xuño de 2023**, figura o seguinte acordo:

MVMC **Cruz e Toire** (exp. 42/80), pertencente aos veciños da parroquia de Benade; e MVMC **Xartego, do Medio, Cerro, Guimarei, Outeiro e Toire**, pertencente aos veciños da parroquia de Santa María de Muxa, ambos no concello de **Lugo**.

O día 8.6.2022, tivo entrada unha solicitude para que se leve a cabo a corrección de erro na representación gráfica da peza de monte denominado *Toire*, que non se corresponde coa resolución de clasificación do 12.7.1982 do monte Cruz e Toire nin coa descrición recollida na carpeta ficha do expediente de clasificación. A dita descrición especifica que *Toire*, cunha superficie de 2 hectáreas, está situado no suroeste da parroquia de Benade e vén definido como unha continuidade do mesmo monte da parroquia de Santa María de Muxa.

A corrección solicitada tamén afecta á peza *Toire* do MVMC Xartego, do Medio, Cerro, Guimarei, Outeiro e Toire, clasificado a favor da comunidade de Santa María de Muxa.

Tendo en conta que a comunidade de Santa María de Muxa non está constituída, abriuse un prazo para o trámite de audiencia aos interesados, coa correspondente publicación de anuncios no Diario Oficial de Galicia (núm. 65 do 3.4.2023), no BOE (núm. 82 do 6.4.2023) así como no taboleiro do Concello de Lugo. Non houbo alegacións ao respecto.

En relación co anterior, o 22.2.2023, o Servizo de Montes elaborou unha memoria (2022_313) e cartografía nas que se recolle a corrección gráfica e de medición resultante ao adaptar os esbozos de ambos montes á resolución de clasificación de Cruz e Toire. De acordo coa rectificación proposta, os montes pasan a ter a seguintes superficies:

- **MVMC Cruz e Toire.** 63,46 ha.
- **MVMC Xartego, do Medio, Cerro, Guimarei, Outeiro e Toire.** 47,94 ha

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, establece que as Administracións Pública poderán rectificar, en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.



En vista do anterior, o xurado, por unanimidade, ACORDA rectificar o erro constatado e proceder a facer a corrección sinalada, de acordo coa nova cartografía e medicións.


Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da presidenta do xurado.




Lugo, data da sinatura electrónica

A secretaria do xurado
Lucía Belver Quiroga

Visto e praxe
A presidenta do xurado
M^a Olga Iglesias Fontal





 XUNTA DE GALICIA		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR Departamento Territorial de Lugo Servicio de Montes			
Plano de: EXP_Lugo_42_80_20_2022 Lugo_26_83_20_2022 Corrección gráfica do mvnc de Cruz e Toire (exp 42/80) e do monte de Xartego,do Medio,		Monte: Cruz e Toire Perenza Veciños de Benade Superficie previa 62,15 Ha Superficie posterior 63,46 Ha		Monte: Xartego,do Medio, Cerro, Guimarel, Outeiro e Toire Perenza Veciños de Muxa Superficie previa 49,74 Ha Superficie posterior 47,94 Ha Municipio: Lugo	
Escala: 1:15.000	Plano 6. Situación posterior de Benade	Visto e prace O xefe de Servicio de Montes		O xefe de área	
Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89					
		(asinado dixitalmente)		(asinado dixitalmente)	

CVE: LUGM1W1E5
 Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

